

## NOTA DE PRENSA

**---EMBARGADA ATA AS 21:00 HORAS---**

### **BESTEIRO REIVINDICA RIBADEO COMO "PORTA DE ENTRADA A GALICIA" E AS SÚAS POSIBILIDADES "QUE ATA AGORA O ALCALDE NON SOUBO APROVEITAR"**

**"Os socialistas daremos ao municipio un impulso cualitativo no comercio e o turismo", asegura na presentación da candidatura de Roberto Ramos, unha persoa "de éxito" que "non chega á política para servirse dela, senón para servir aos veciños"**

**"Loitar contra o 20% de paro que azouta Ribadeo é sen dúbida un dos nosos obxectivos", afirma o candidato á alcaldía Roberto Ramos, cunha candidatura que reúne "modernización e ambición", segundo destacou González Santín**

**Ribadeo, 9 de abril de 2015.** O secretario xeral dos socialistas galegos, José Ramón Gómez Besteiro, reivindicou hoxe a importancia de Ribadeo "como porta de entrada a Galicia, un municipio con moitas posibilidades que ata agora o alcalde non soubo aproveitar" e que ten "unha grande proxección no comercio e o turismo".

Besteiro e o secretario xeral da provincia de Lugo, Juan Carlos González Santín, asistiron á presentación da candidatura dos socialistas ao Concello de Ribadeo, liderada por Roberto Ramos. "Con Roberto daremos ao municipio o impulso cualitativo que precisa", asegurou o líder do PSdeG, que definiu ao novo candidato á alcaldía como "unha persoa de éxito" ata agora nas iniciativas privadas que por tanto "non chega á política para servirse dela, senón para servir aos veciños". Así, lembrou iniciativas impulsadas por Ramos como o Festival Indiano ou o Entroido, actos organizados "sempre pensando nos comerciantes e respaldado pola sociedade".

Pola súa parte, Santín destacou na súa intervención que "Roberto Ramos e a súa candidatura reúnen o que teñen que reunir, modernización e ambición" para cambiar as políticas no Concello. "Ribadeo ten moito que ofrecer e chegou o noso momento, pois non queremos políticas de promesas como nos ten acostumados o Partido Popular e como ben saben na Mariña", afirmou.

Asimesmo, Ramos aseverou que asume o compromiso co proxecto socialista "con ilusión, respecto e responsabilidade, cunha lista plural, integradora e renovada ao 90% con persoas que representan a todos os sectores da nosa vila, once mulleres e nove homes dispostos a defender un proxecto de gobernabilidade solvente".



**Partido dos Socialistas de Galicia**  
**Comisión Executiva Nacional Galega**

**Oficina de Prensa**  
Rúa do Pino, 1-9 baixos  
15704 Santiago de Compostela  
Tfno. 981552030 Fax: 981588708

“Loitar contra o 20% de paro que azouta Ribadeo é sen dúbida un dos nosos obxectivos prioritarios, pero tamén queremos abrir as portas do Concello para que os veciños poidan participar activamente na vida municipal”, engadiu Ramos, que prometeu a posta en marcha “dun Consello Cidadán para trasladar as necesidades dos ribadenses ao equipo de goberno”.

Saúdos, Comunicación PSdeG-PSOE